

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPR AYALA

CURSO: 4º ESO

MATERIA: LATÍN

DEPARTAMENTO: DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA

DATA: 8 DE MAIO DE 2020

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

A situación escolar á que nos derivaron as causas excepcionais da pandemia do COVID19, fai oportuna a adaptación da programación do curso, os criterios de avaliación e cualificación, así como a metodoloxía a seguir no 3º trimestre

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional.

Mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e, a súa aplicación, de conformidade co previsto na lexislación, significou, entre outras moitas medidas, o confinamento da poboación e a suspensión das clases presenciais en todas as etapas do sistema educativo de España.

O presente documento e, polo tanto, unha adaptación da programación xeral e presenta os criterios a seguir nesta recta final do curso académico.

É importante salientar que o traballo do 3º trimestre vai consistir basicamente no repaso dos contidos que xa traballamos nas aulas. Se se amplían algúns contidos, serán sempre referidos a aquelas partes do currículo que poden ser entendidas sen dificultade. Así, no tocante á parte de historia do Imperio romano, poderemos traballar os temas finais do libro, mediante esquemas feitos a partir do libro de texto e co apoio de documentais propostos polo profesor, unha vez verificado que todos os alumnos contan coa conectividade necesaria para levar a cabo esta tarefa.

De todas formas, os estándares de aprendizaxe e as competencias imprescindibles foron adecuados á situación que estamos a vivir.

LINGÜÍSTICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando as linguas romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.
Distinguir e clasificar tipos de palabras.	Distingue palabras variables e invariables.
Comprender o concepto de declinación e distinguir os diferentes casos e as súas funcións.	Define o concepto de declinación e distingue os casos e as súas funcións.
Distinguir as oracións predicativas das atributivas	Diferencia a estrutura das oracións predicativas e as oracións atributivas.
Coñecer a conxugación verbal e as desinencias dos verbos (de número e persoa e dos tempos verbais estudados: presente, imperfecto, perfecto e futuro de indicativo)	Identifica as conxugacións verbais e as desinencias dos verbos (de número e persoa e dos tempos verbais estudados: presente, imperfecto, perfecto e futuro de indicativo)

Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando as categorías gramaticais.
Coñecer o enunciado e declinar correctamente os substantivos da primeira, segunda e terceira declinación.	Enuncia e declina correctamente os substantivos da primeira, segunda e terceira declinación.
Coñecer as principais preposicións latinas.	Recoñece as principais preposicións latinas e os seus usos plasmándoo na tradución de frases e textos adaptados.
Coñecer o enunciado dos adxectivos.	Enuncia e declina correctamente os adxectivos latinos.

HISTORIA DO IMPERIO ROMANO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer as diferentes versións sobre a fundación de Roma.	Describe a orixe de Roma segundo diferentes versións existentes.
Coñecer os trazos fundamentais da monarquía na Roma primitiva.	Describe os trazos esenciais que caracterizan a monarquía da Roma primitiva.
Coñecer os trazos fundamentais da organización política na República romana. Coñecer os trazos fundamentais da sociedade nesta etapa.	Describe os trazos esenciais que caracterizan a etapa da República romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas.
Coñecer a importancia de Xulio César, a guerra das Galias, a guerra civil, os trazos característicos da ditadura e a reorganización do Estado.	Coñece e describe a figura de Xulio César e a súa importancia. Identifica cronolóxicamente e explica os trazos fundamentais da guerra das Galias, a guerra civil e a ditadura de César.
Coñecer os trazos políticos e sociais característicos da Roma imperial	Describe os trazos esenciais da Roma imperial e a organización social da época.
Coñecer a historia da Península Ibérica: o antes e o despois da chegada dos romanos e a súa cultura.	Distingue as diferencias existentes na Península Ibérica antes e despois da romanización. Coñece a importancia dos Cartaxineses. Coñece e sitúa nun mapa as diferentes provincias creadas na Península Ibérica.

<p>Coñecer a importancia da cultura grega como influencia para a cultura romana. Coñecer as características fundamentais da arte romana.</p>	<p>Recoñece os trazos e a importancia da cultura grega, a súa influencia en Roma e as características fundamentais da arte romana.</p>
<p>Coñecer o legado de Roma na sociedade e na política actuais.</p>	<p>Distingue os diferentes períodos da sociedade e da política romanas, a súa evolución e a influencia deste modelo na sociedade e política actuais.</p>

DO LATÍN ÁS LINGUAS ROMANCES (GALEGO E CASTELÁN)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Evolucionar palabras do latín ás nosas linguas (galego e castelán), seguindo regras indicadas.</p>	<p>É capaz de evolucionar palabras sinxelas do latín ao galego e ao castelán seguindo regras indicadas.</p>
<p>Utilizar con corrección latinismos en oracións.</p>	<p>É capaz de utilizar palabras e expresións latinas que chegaron aos nosos días (latinismos)</p>

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Recoñecer as diferentes declinacións ás que pertencen os substantivos.- Distinguir os diferentes casos nos que pode aparecer un substantivo e a función sintáctica desempeñada por cada caso.- Direrenciar o número, persoa e tempo no que aparecen as formas verbais.- Traducir oracións do latín ao castelán ou galego, facendo a análise maofosintáctica dos elementos que as compoñen.- Traducir textos adaptados ao seu nivel.- Esquematizar a teoría sobre as diferentes etapas do Imperio romano, a influencia que sobre el exerceu a cultura grega e o legado que deixaron os romanos na nosa sociedade actual.- Derivar palabras do latín ao galego e castelán a partir de regras de evolución indicadas.- Utilizar correctamente os latinismos (palabras e expresións latinas que chegaron aos nosos días)
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Observacións levadas a cabo polo profesor durante as clases presenciais (ata o mes de marzo).- Cualificacións obtidas ata as datas anteriormente sinaladas.- Traballo realizado polo alumnado dende o seu domicilio durante o confinamento (de carácter obrigatorio), que será tido en conta sempre de maneira positiva. <i>A Xunta de Galicia establece que as tarefas posteriores ao estado de alarma servirán para mellorar a nota ou superar as materias suspensas. Nunca se poderá obter unha cualificación inferior á dos trimestres anteriores.</i>

	<ul style="list-style-type: none"> - Os alumnos, -as que non tiveran superada algunha das avaliacións poderán recuperar a materia realizando os exercicios semanais dispostos, posto que este traballo se centra no repaso dos contidos xa estudados durante as clases preesenciais.
<p style="text-align: center;">Cualificación final</p>	<p>Para a cualificación final dos alumnos e alumnas teranse en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As observación feitas polo profesor ata o mes de marzo nas aulas. - Cualificacións obtidas ata as datas anteriormente sinaladas. - O traballo realizado polo alumnado desde a súa casa. Os alumnos, -as recibirán bloques de fichas semanais que deben traballar e reenviar ao profesor (obrigatoriamente). Este traballo non repercutirá nunca de maneira negativa. - Aqueles alumnos que non superaran a 1ª ou 2ª avaliación e que non tiveran enviadas as tarefas semanais, ou no caso de que estas non foran realizadas cun mínimo de corrección, enfrontaranse a unha proba presencial no mes de xuño, sempre que a situación o permita, que decidirá a cualificación final obtida. O exame estará composto por exercicios similares aos enviados semanalmente nas fichas de traballo; e os criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles serán os mesmos que veñen especificados neste documento.
<p style="text-align: center;">Proba extraordinaria de setembro</p>	<ul style="list-style-type: none"> - No suposto de ter que presentar unha proba extraordinaria no mes de setembro, os alumnos enfrontaríanse con exercicios do mesmo tipo que os que están a facer semanalmente. - Os estándares de aprendizaxe e as competencias imprescindibles serían os mesmos que os establecidos neste documento. - No caso de ter que presentar esta proba, xa non se terían en conta as observacións previas nin o traballo realizado durante os meses de confinamento.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

O 3º trimestre tivo que ser enfocado dunha maneira diferente á que reflexa a programación xeral presentada en setembro.

- Unha vez rematada a 2ª avaliación, o comenzo do 3º trimestre baseouse no repaso dos contidos tratados de maneira presencial, ante a dúbida de poder ou non voltar ás aulas. Desta maneira, os alumnos, -as foron recibindo semanalmente (a través da web do centro) bloques de tarefas para desenvolver na casa. Tamén de maneira semanal, foronse publicando as correccións oportunas a estas tarefas.

- Unha vez recibida a información oficial da Xunta de Galicia (*Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*), que especifica como abordar o 3º trimestre, os alumnos continuaron a recibir tarefas semanais pero agora coa obriga de ser reenviadas ao profesor. Estas tarefas son a partir deste momento un instrumento de avaliación e cualificación.

- As devanditas tarefas céntranse en bloques de contidos xa vistos, comenzando desde o principio e seguindo a orde marcada polos recursos utilizados nas aulas: libro de texto e fotocopias entregadas polo profesor. Cétrase, polo tanto, este 3º trimestre no **repaso**.

- Ao centrar o trimestre no repaso, os alumnos –as que non superaran a 2ª avaliación terían a opción de aprobala seguindo a mesma rutina de traballo que os demais.

	<ul style="list-style-type: none"> - Está prevista a ampliación de contidos, pero só no referente á historia do Imperio romano e algún punto de gramática moi sinxelo, de doada comprensión por parte do alumnado.
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Para seguir o traballo a distancia os alumnos, -as poden visualizar as tarefas semanais na web do centro, onde serán publicadas cada luns. - Aqueles alumnos,-as que non dispoñan dos medios dixitais axeitados poden utilizar as canles propostas polos concellos, neste caso, a recepción das tarefas impresas nos seus domicilios. - Á hora de reenviar as tarefas, poderán utilizar como soporte a opción <i>word</i>, fotografía das mesmas realizadas sobre as fotocopias ou calquera outro soporte.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Para seguir un ritmo de traballo axeitado os alumnos, -as contan cos seguintes materiais e recursos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O libro de texto que estaba a ser utilizado nas clases presenciais. - Fotocopias que o profesor foi entregando para unha mellor comprensión de certos bloques de contido. - Pequenos recordatorios teóricos incluídos nos bloques de tarefas enviados. - Enlaces de internet propostos polo profesor (nunca tidos en conta para a avaliación e cualificación coa fin de non crear unha situación de desigualdade en prexuízo daqueles que non posúan os medios dixitais apropiados)

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Para informar ás familias dos cambios na programación, debidos ás causas por todos coñecidas:</p> <ul style="list-style-type: none">- As familias recibirán unha mensaxe a través da plataforma Abalar na que serán informadas da publicación dos mesmos na web do centro.- Se algunha familia non conta coa plataforma Abalar, será informada desta publicación a través de correo electrónico ou chamada telefónica.
Publicidade	<p>Os documentos coas adaptacións das programacións, por materias, serán publicados na web do centro.</p>